

A NECRÓPOLE RUPESTRE DE SAN VITOR DE BARXACOVA (PARADA DE SIL, OURENSE) — O DESCUBRIMENTO DUNHA NOVA REALIDADE ARQUEOLÓXICA NA RIBEIRA SACRA (GALIZA)

EDUARDO-BREOGÁN NIETO MUÑIZ*

Resumo: *Apresentam-se neste artigo os resultados das intervenções arqueológicas que decorreram em San Vitor de Barxacova entre os anos 2010 e 2018, nas quais se pôs ao descoberto uma das maiores necrópoles rupestres do noroeste peninsular. A diversidade de dados arqueológicos, conjuntamente com os estudos transversais realizados na sequência das escavações, revelou uma nova realidade histórica no marco da Idade Média galega.*

Palavras-chave: *Necrópole; Arqueologia; Tumbas antropomórficas.*

Abstract: *This article presents the results of the archaeological excavations carried out in San Vitor de Barxacova between 2010 and 2018, which have brought to light one of the greatest rock necropolis of the northwestern Iberian Peninsula. The diversity of archaeological data, together with the cross-sectional studies carried out at the same time, have revealed a new historical reality within the framework of medieval Galicia.*

Keywords: *Necropolis; Archaeology; Anthropomorphic tombs.*

A necrópole rupestre de San Vitor de Barxacova sitúase na parroquia de San Lourenzo de Barxacova, no concello de Parada de Sil (Ourense, Galiza). Emprázase nun saínte rochoso no medio dunha empinada ladeira na ribeira oeste do río Mao, dende onde se domina o curso final do río ata a súa desembocadura no Sil.

O acceso actual ao sitio realízase a través dun sendeiro que comunica os núcleos e parroquias de San Lourenzo e Forcas, sendo a antiga e única vía de comunicación entre as zonas de ribeira e montaña, hoxe transformada en ruta de sendeirismo (PR-G-155).

Transcorridos uns 700 m dende San Lourenzo a ladeira anchea nunha pequena rechán de 15 m de largura por outro tanto de cumprimento, coroada no seu extremo leste por nunha grande peneda de máis de 5 m de altura¹.

* Grupo de Estudos de Arqueoloxía, Antigüidade e Territorio (GEAAT-H2Ou), Universidade de Vigo. Email: info@breoganarqueoloxia.com.

¹ Coordenadas UTM ETRS89 F29: 623405, 4692573; 590 msnm.




Fig. 2. Panorámica do val do Mao e do Sil
Fuente: E. B. Nieto Muñiz



Fig. 3. Panorámica do val do Mao sobre o San Vitor
Fuente: E. B. Nieto Muñiz



Fig. 4.
Vista xeral do
xacemento
Fuente: E. B. Nieto
Muñiz

O xacemento foi dado a coñecer por vez primeira na bibliografía no relato que fai J. Arias Sanjurjo no seu artigo «Una aproximación a la Ribera Sagrada», no que describe diversos restos e sepulturas alí presentes, das que di ter recoñecido unha decena, considera o lugar coma o mosteiro máis importante da hoxe chamada Ribeira Sacra², e de onde conta o seguinte:

Nos refirió un anciano que en su juventud lo había destruído en unión a otros mozos, arrojando las piedras de los muros por el precipicio sobre que se hallaba la capilla. Según el eran éstos de la altura de una persona. Quedan todavía en la roca vestigios que descubren el lugar donde estuvo la puerta de entrada³.

Nas visitas previas ás intervencións arqueolóxicas, efectivamente víanse tallados na peneda chanzos que facilitan o ascenso ao cumio da mesma, onde se erixía a capela, ademais dalgunhas sepulturas. Na parte chaira inferior, informa o propio Arias Sanjurjo que:

algunas [sepulturas] fueron destruídas al abrir el camino de la fábrica de Barjacova, que cruza esa plazoleta⁴.

² Termo hoxe en día turístico e enolóxico que abrangue a ribeira do curso baixo do río Sil e do curso medio do Miño, inda que naquel entón referíndose só ao curso do Sil.

³ ARIAS, 1914: 49.

⁴ ARIAS, 1914: 50.

Finaliza o relato cunha aproximación histórica:

os anacoretas o monjes que habitaron esa comarca, debieron de tener su centro o residencia principal un kilómetro más abajo del santuario, en el lugar que ocupa el Priorato de San Adrián, que es la parte de la ribera más próxima susceptible de cultivo. [...] Conservó su personalidad e independencia hasta el siglo XII, en que el Emperador Alonso VII, siguiendo las corrientes de la época, se lo entregó a la Orden el Císter⁵.

O sitio de San Vitor tamén ven recollido por J. Freire Camaniel na súa obra «El Monacato Gallego en la Edad Media»⁶, que segue no esencial a Arias Sanjurjo. En 1991 é incluído no inventario de xacementos arqueolóxicos da Xunta de Galicia⁷, describíndose tres sepulturas visibles na zona chaira, ademais das da parte superior da peneda, onde se indica tamén a presenza de negativos de estruturas, e a localización de cerámica medieval en superficie. Seguindo a clasificación tipolóxica e cronoló-

Fig. 5.

Foto oblicua a vista de
dron do xacemento,
con San Lourenzo e o
Sil ao fondo
Fuente: E. B. Nieto
Muñiz



⁵ ARIAS, 1914: 51. De acordo a documentación, San Adrián foi logo incorporado ao mosteiro de Montederramo. Do pequeno priorado, rexido pola orde bieita, queda algún resto hoxe incorporado a unha casa particular.

Un estudo documental do sitio foi realizado, dentro dos proxectos de actuación sobre San Vitor de Barxacova, por Víctor Rodríguez Muñiz, quen expón de forma ampla e minuciosa as súas conclusións noutro artigo destas mesmas actas.

⁶ FREIRE, 1998: 220-223.

⁷ Ficha de catálogo redactada por J.F. Romalde Purriños e M. González Méndez.

xica proposta por López Quiroga e Lovelle⁸, de acordo a tipoloxía de sartegos fixos rupestres e de marcado antropomorfismo, encadraríanse entre os séculos IX e X.

Desde o ano 2010 ao 2018 o xacemento de San Vitor foi obxecto de sucesivas campañas de escavación e estudo arqueolóxico, ademais de someterse a labores de restauración, consolidación, limpeza e mantemento periódicas para facer o sitio visitable e asegurar a súa conservación⁹.

O xacemento componse de dúas partes ben diferenciadas: por un lado, a alta peneda que coroa o sitio, ao leste e colgada na extrema pendente, facendo o xacemento doadamente recoñecible na contorna; por outro, ao oeste e contra a ladeira, o afloramento granítico no que se sitúa a necrópole. Entre ambas esténdese unha rechán pola que atravesa o camiño de acceso, que continúa cara o S.

As escavacións levadas a cabo no alto da pena puxeron ao descuberto toda unha serie de marcas, negativos e entalles tallados na rocha que axudan a proxectar a planta e algunhas características da antiga capela que no alto se erixía¹⁰. O acceso á mesma realizábase polo sur, onde se abre un corredor entre rochas e, xa no alto, se



Fig. 6.
Foto cenital da
necrópole e rocha
da capela
Fuente: E. B. Nieto
Muñiz

⁸ LÓPEZ QUIROGA, RODRÍGUEZ LOVELLE, 1991.

⁹ As intervencións arqueolóxicas e de restauración foron promocionadas e financiadas polo Concello de Parada de Sil, con fondos propios, achegas a través de subvencións do Plan Leader, ou con colaboracións doutras institucións como a Dirección Xeral de Patrimonio da Xunta de Galicia, Universidade de Vigo ou Deputación Provincial de Ourense. Os labores de mantemento na actualidade están sometidos a un procedemento protocolario de periodicidade anual a cargo do Concello de Parada de Sil.

¹⁰ O alto da rocha estaba ocupado por un poste dunha liña eléctrica en desuso, que foi retirado na primeira intervención en 2010, e cuxa cimentación tiña afectado seriamente a planta da capela, véndose hoxe un gran furado no medio e medio desta.

definen unha serie de chanzos e couzóns que marcan a entrada¹¹. Na superficie chaira superior distínguense os alicerces, definindo unha planta cuadrangular de non máis de 12 m². Dende estes, cara o oeste e mirando cara a necrópole, ábrese un balcón, definido por lousas horizontais colocadas entre o rochedo e mostrando marcas dunha eventual estrutura de madeira. No alto da rocha localizáronse catro sepulturas, unha escavada a carón da entrada da capela e outras dúas apenas insinuadas e inacabadas, destacando entre elas a chamada «tumba privilexiada» (identificada como T.I) que escapa ao esquema de sartego tallado na rocha do resto da necrópole¹². Trátase dunha tumba construída nun espazo reenchido intencionadamente entre dúas penas coa clara intención de gañar espazo para a súa construción, quedando incorporada ao interior da capela, polo norte. Foi construída con perpiaños graníticos reaproveitados dalgunha construción anterior, como testemuñan as marcas decorativas e entalles dalgunhas delas, tallándose na da testeira a forma da cabeza. Sobre as laxas do fondo, revoltos, apareceron restos óseos que se puideron datar a finais do século X¹³; data




Fig. 7.
Esquema da planta da
capela sobre a rocha
Fuente: E. B. Nieto
Muñiz

¹¹ Unha serie de chanzos laterais, acompañados dos seus respectivos couzóns, parece estar marcando estruturas anexas ao corpo principal da capela no sector sur ou de entrada.

¹² Dos sartegos localizados no alto da rocha, e polo tanto relacionados directamente co espazo da capela, só un deles, ademais da «tumba privilexiada», está rematado (T.II) e podería estar indicando os límites da capela polo sur; os outros dous están apenas insinuados e carecen de fondo, identificándoos como sartegos inacabados, un deles no exterior (T.III) e outro no interior do espazo identificado como capela (T.IV).

¹³ Datación obtida por C14 dos propios ósos: 995+-30BP (cal. 2 sig.).



Fig. 8. Balcón na capela aberto cara a necrópole
Fuente: E. B. Nieto Muñiz



Fig. 9. Tumba privelexiada
Fuente: E. B. Nieto Muñiz



Fig. 10.
Inscripción na parte
baixa da rocha da
capela
Fuente: E. B. Nieto
Muñiz

que marcaría o momento de uso central da capela e polo tanto da necrópole, e unha data *ante quem* para a presenza dunha construción máis antiga de cuxas ruínas terían reutilizado as pezas arquitectónicas.

Na base da rocha que sustenta a capela, polo sur, localizouse unha inscrición rupestre composta por catro letras capitais, duns 10 cm de alto e trazo de 1cm de grosor, de sección fonda e redondeada, na que se le: «TECI». Destes caracteres só se len claramente os dous primeiros, adornados con prolongacións traseiras e inferiores propias da escritura epigráfica visigótica, que podemos enmarcar entre os século X e XI.



Fig. 11.
Foyo de fundición
de campás
Fuente: E. B. Nieto
Muñiz



Fig. 12.
Restos dos moldes das
campás recuperados
do interior do fofo
Fuente: E. B. Nieto
Muñiz




Fig. 13.
Proceso de produción
dos moldes da campá
Fuente: M. A. Nieto
Dorado

No afloramento que alberga a necrópole distínguense, asemade, dous sectores ben diferenciados — o sector S e o sector N. O meridional caracterízase pola disposición en abano de tres bandas de sepulturas, todas antropomórficas, salvo aquelas de conservación deficiente, cunha sinxela preparación previa da superficie onde se escavaron, alcanzando a adiviñar certas agrupacións. O setentrional pódese subdividir tamén en dúas partes, a NW e a NE. Na primeira amoréanse as tumbas en coidada aliñación, contando tamén con casos de superposicións e ampliacións forzadas, organizadas todas elas dentro dunha superficie horizontal cortada no sector N do afloramento (aparentemente correspondente a unha construción anterior á propia necrópole). Na segunda as tumbas vanse dispoñendo de xeito máis desorganizado, deixando incluso espazos baleiros entre elas, estendéndose cara o E e cara o descenso ás parcelas ao S da peneda.

No sector N, xa fóra da área ocupada polo afloramento, atopouse o foxo de función de campás, cunha datación de entre finais do século IX e comezo do século X d. C.¹⁴. O forno está formado por un semicírculo de cachotes graníticos e fragmentos de ladrillo e tella, recebado con barro, construído nunha foxa escavada no límite rochoso. Na súa base dispónse unha coidada preparación de barro moi fino no que se conserva a impronta do aro de barro que formaba o sistema de triplo molde¹⁵. O forno foi amortizado despois da fundición da campá, atoándoo cos propios restos dos moldes, polo que a súa datación márcanos o momento de culminación da capela, ou cando menos do seu campanario, coincidindo coa datación aportada polos restos óseos da «tumba privilexiada».

Na área da necrópole, ademais dos sartegos, localizáronse unha serie de rebaixes e cortes que crean unha sucesión de superficies horizontais, co chan repicado, que arrodean o sector sur polo súa parte inferior oeste e enmarcan o sector norte dentro dunha superficie regularizada no afloramento. Estes rebaixes puideran ter servido para a cimentación e construción de estruturas no sector baixo do afloramento, como

¹⁴ Datación obtida por termoluminiscencia dos barros refractarios do forno: 1121+-69 BP / 893+-69 DC.

¹⁵ O sistema de fabricación da campá era o seguinte: dentro da foxa preparábase un primeiro molde de barro, que se remataba cunha plantilla de madeira para darlle a forma do interior da campá; recubríase logo con sebo e sobre este unha segunda capa de barro, co grosor e forma que se lle quixera dar a campá, aplicando un segundo molde e dispoñendo os eventuais motivos decorativos. Cubríase de novo cunha segunda capa de sebo que, do mesmo xeito, se recubría de barro. Finalizado este proceso prendíase lume no interior ata endurecer os moldes e derreter o sebo. A seguir retirábanse os dous moldes exteriores, rexeitando o do medio e volvendo colocar o máis exterior, creando un espazo oco entre este e o molde interior, co espesor e forma desexados para a campá. Cubríase despois todo con area, deixando visibles os respiros e os tubos de alimentación para o bronce, que se fundiría nas inmediacións (de feito apareceron restos de queimado ao redor dunha gran lousa achegada ao forno). Vertíase o bronce dentro dos moldes, ocupando así o oco deixado entre estes. Unha vez arrefriado todo abríase a foxa, rompendo os moldes e a propia estrutura que o albergaba, para extracción da campá. Finalizado o proceso, os moldes e os restos todos amortizábanse na propia foxa. O oficio de campaneiro era itinerante, levando consigo os artesáns a técnica e as plantillas. A materia prima tanto para a foxa como para a campá sería facilitada polas comunidades que requirían os seus servizos. Este sistema de fabricación é o mesmo empregado dende o século XVI e aínda hoxe pola familia Ocampo en Arcos da Condesa (Pontevedra, Galiza), quen amablemente nos recibiron no seu taller.

testemuña, no extremo sur, o único resto construtivo atopado no sector da necrópole. Trátase dun muro de mediocre construción, pero coidando mediante pequenas canles a drenaxe e a escorrentía da auga na súa parte traseira, contra o afloramento, evitando así posibles enchoupamentos e conseguintes derrubes.

A relación estratigráfica deste rebaixes coa necrópole presenta certas controversias. No sector sur do afloramento estas marcas ocupan espazos libres de enterramentos, só coa excepción da T.XLVII, atopado entre fendas no suposto espazo interior dunha desas áreas construídas. No sector norte, en cambio, esta relación é máis clara, aparecendo cortados os rebaixes polas cabeceiras dos sartegos T.XXIX e T.XXXIII, nunha clara superposición que demostra a maior antigüidade dos rebaixes en relación aos enterramentos¹⁶.

Entre as sepulturas distínguense tamén varias cavidades elípticas, de función indeterminada, ademais de entalles e canles, que poderían ter que ver cos enterramentos ou coas estruturas anteriores descritas.

O número total de sartegos rexistrados na necrópole é de 56, divididos en varios sectores: 4 na capela, 24 no sector sur e 26 no sector norte, que se pode subdividir en subsector noroeste, con 12 enterramentos, e nordeste, con 14. A estes sectores hai que sumar outros dous de carácter illado: o xa citado ao sueste (T.XLVII) no sector dos rebaixes, e outro a noroeste (T.XXXVI), coincidindo co camiño aberto canda a construción da liña eléctrica citado no artigo de 1914¹⁷.

A orientación xeral de todas elas é en sentido nor-noroeste, con pequenas variacións que se escapan deses canons no sector sur e no alto da capela, debido a unha evidente adaptación dos sartegos á disposición do soporte. Esta adaptación ao terreo é moi patente tanto no sector sur, no que se van dispoñendo en abano en función do rochedo, coma no sector norte, no que se organizan en función do espazo regularizado preexistente, ao tempo que se van desorganizándose cara o sector nordeste, xa fóra desa superficie.

Os sartegos presentan tipoloxías variadas, sendo as máis abundosas as de pareces rectas de proxección converxente cara os pés, con ombreiras e cabeza ben marcadas. Entre estas hai tamén algunha de laterais en arco de paréntese ou paralelas, e moitas outras de forma irregular combinando ambas características. Tamén se contan dúas sen cabeza marcada, ou de bañeira (T.VII no sector sur e T.LV no nordeste) e incluso unha de bañeira con cabeza marcada no fondo (T.XVII no sector noroeste). A estas hai que sumar a de laxas da tumba privilexiada (T.I) e outra de tipo mixto: escavada na rocha na cabeceira de laxas na metade inferior (T.XLVIII, no sector nordeste). A posición destas tipoloxías diverxentes entre o resto do conxunto semella casual,

¹⁶ No caso do sector norte, como xa se indicou, os enterramentos dispóñense aproveitando ao máximo ese espazo de aparente regularización previa.

¹⁷ ARIAS, 1914: 49, facendo referencia á aparición dunhas dez, que foron destruídas canda a apertura do camiño.



Fig. 14.
Disposición xeral
do xacemento, con
indicación dos rebaixes
para construcións
Fuente: E. B. Nieto
Muñiz



Fig. 15.
Sector norte da
necrópole
Fuente: E. B. Nieto
Muñiz




Fig. 16. Esquema de orientación das tumbas
Fuente: E. B. Nieto Muñiz



Fig. 17.
Sartego XLII, con
apéndices laterais
Fuente: E. B. Nieto
Muñiz



Fig. 18.
Sartego incabado na
necrópole de Pompeiro
Fuente: E. B. Nieto
Muñiz



Fig. 19.
Sartego XLVIII,
de tipo mixto
Fuente: E. B. Nieto
Muñiz

e non parece marcar evolución tipolóxica de ningunha clase, se non máis ben que se teña debido a maior ou menor pericia do canteiro e á propia dureza e consistencia da rocha.

No conxunto da necrópole chama a atención tamén o sartego T.XLII, xa que presenta uns apéndices laterais tanto a carón da cabeceira coma aos pés. A explicación a estes apéndices acadouse coa aparición da inacabada T.LIV, que aparece delimitada por dúas liñas laterais que se prolongan, coma na T.XLII, a ambos laterais da cabeza. A inacabada T.LIV estanos a mostrar o proceso de escavación dos sartegos, para o que se marcarían inicialmente dúas liñas laterais que delimitarían o espazo a tallar. A excesiva prolongación desas liñas laterais tería creado os apéndices indicados para a T.XLII, que ocuparía na escavación interior posterior menor espazo do inicialmente marcado. Esta escavación interior realizábase coa talla sucesiva de camadas ata acadar a fondura desexada¹⁸.

Son varios os sartegos inacabados, o que nos fala dunha planificación previa dese espazo da morte, finalmente rexeitado por motivos descoñecidos. No alto da capela xa citamos os sartegos T.III e T.IV, ademais do T.LIV na explanada do xacemento. A estes hai que engadir a T.VI, da que só se tallou unha forma oval.

Non podemos contar coma tumbas inacabadas aquelas das que só se conserva a parte da cabeceira na terceira aliñación do sector sur. Toda esta liña de enterramentos aparecen cortados coa pendente do propio afloramento, no que hai testemuñas claras de actividades canteiras tradicionais¹⁹; feito que explicaría a ausencia de toda a parte inferior dos sartegos. De tódolos xeitos, a presenza das marcas e entalles que marcan a presenza de estruturas construtivas mesmo baixo estas, suxire que a extracción de pedra non tería sido tan intensa. Xunto a isto, a localización da T.XLVIII, de tipo mixto, móstranos a posibilidade de que toda esa liña puidera encaixar neste modelo de sartegos rupestres na cabeceira, en función da pendente, e completados con laxas xa en superficies térreas ou habilitadas de pé feito para albergar o enterramento. Algo semellante ocorrería cos sartegos do extremo sur do sector noroeste.

A maioría dos enterramentos apareceron abertos. Só cinco, todos eles no sector noroeste, apareceron coas tampas orixinais, e entre estes só tres con elas completas²⁰. O sistema das tampas é nestas a base de laxas de tamaño pequeno ou mediano, achegadas unhas a outras ata cubrir a superficie completa do sartego, e en ningún caso monolíticas. No camiño de acceso, en cambio, si se rexistrou unha tampa aproveitada no lastrado, de lonxitude suficiente para cubrir un sartego completo.

¹⁸ Este proceso quedou perfectamente testemuñado nun dos sartegos inacabados da necrópole do Preguntoiro (San Vicenzo de Pombeiro, Ferreira de Pantón, Lugo), situada no curso final do río Sil.

¹⁹ A pesar de que os veciños da zona aseguran que non se extraía pedra pola súa mala calidade, foi atopada una cuña de ferro de canteiro no sector inferior do afloramento.

²⁰ Coas laxas orixinais completas apareceron os sartegos XXVIII, XXIX e XXXII, mentres que o XXXIII e XXXIV apareceron con elas rotas ou incompletas, e polo tanto co enterramento alterado.



Fig. 20.
Sartego XXIX, coas
tampas orixinais
Fuente: E. B. Nieto
Muñiz



Fig. 21.
Sartego XXVIII, coas
tampas orixinais
Fuente: E. B. Nieto
Muñiz



Fig. 22.
Entalles laterais no
sartego XII
Fuente: E. B. Nieto
Muñiz

As laxas localizadas *in situ* sobre os sartegos tamén non se adaptan aos límites desta, se non que se ven colocadas de xeito irregular na súa maioría, o que parece falar de posibles recolocacións das mesmas, nun proceso de sucesivas aperturas para o enterramento de varios individuos ao longo de tempo, é dicir, unha reutilización do espazo sepulcral²¹.

Inda en ausencia das tampas, nalgúns sartegos, caso da T. X, T.XI e T.XII, consérvanse unhas marcas ou entalles laterais enfrontados que parecen testemuñar a presenza de travesaños, posiblemente de material perecedoiro, como a madeira. Estas marcas suxiren un sistema de reforzo para as tampas, ou incluso un tipo de cubrición alternativo aos das laxas pétreas, abríndose a hipótese dun sistema diferente de tampas, tal vez de madeira, que poderían ser logo cubertas de terra.

A reutilización do espazo sepulcral, xa indicada, faise evidente na aparición dun fragmento de mandíbula e molar do enterramento XXXII²², depositado entre aos pés dun segundo individuo. Este feito débese á práctica de amoreamento dos restos óseos do esqueleto anterior aos pés do sartego no momento de enterrar ao seguinte. Este costume vese testemuñado noutros sartegos a través dun elemento físico: os osarios; que en San Vitor se detectaron de varios tipos. O máis claro deles é o da T.XVIII, onde presenta un apéndice inferior en forma de caixa rectangular; estrutura que se insinúa tamén na T.XIII, inda estando incompleta. Outros non están tan claros, pero identificáronse como tales unhas prolongacións certamente forzadas aos pés da T.XLIV e T.XLVI, que terían sido talladas con esa función.

A reutilización dos sartegos indica un dilatado uso da necrópole; como tamén o testemuña a superposición de varios deles sobre outros. É o caso da T.XXXI sobre a T.XXXII, onde a cabeceira da primeira corta a laxa dos pés da segunda, ou da T.XVI, obxecto dunha prolongación no sector da cabeceira, rompendo a aliñación coas veciñas e dándolle unha lonxitude fóra do normal que se explicaría por esa ampliación.

Ademais das datacións obtidas para o forno das campás e a «tumba privilexiada», que xunto coa inscrición na base de pena da capela sitúan o momento central do xacemento ao longo de todo o século X, puidéronse analizar tamén as terras de varios enterramentos. O problema das datacións do interior dos sartegos é que foron tiradas dos carbóns que contiñan esas terras, sen poder ter determinado con exactitude o desfase correspondente á vida das madeiras das cales estas proceden²³. Así, as idades calibradas en anos DC ofrecen un abano excesivamente elevado, de entre o século V

²¹ A testemuñada apertura das tampas para a reutilización do sartego podería tamén explicar a ausencia de enterramentos infantís en toda a necrópole.

²² A T.XXXII foi o único enterramento que proporcionou restos óseos ademais da T.I. Con todo, ao contrario que nesta, os fragmentos recuperados estaban moi descompostos e carecían de coláxeno que permitise o seu estudo e análise. No caso da T.XXXII só permitiu adiviñar a disposición do corpo a través dos negativos das pernas e recuperar o molar indicado como testemuña do reaproveitamento do espazo de enterramento.

²³ Entre as que contamos dende urces ata carballos, de acordo ao estudo taxonómico levado a cabo.



Fig. 23.
Marcas con restos
óseos na T.XXXII
Fuente: E. B. Nieto
Muñiz



Fig. 24.
Sartego XVIII, con
osario aos pés
Fuente: E. B. Nieto
Muñiz



Fig. 25.
Sartego XXXII cos
pés cortados pola
cabeceira de do XXXI
Fuente: E. B. Nieto
Muñiz

ata o mediados do XII, que en ningún caso se deben interpretar como data absoluta dos enterramentos, inda que si como data de referencia para o final destes. No alto da capela, en revolto e fóra de calquera dos sartegos, localizáronse tamén restos óseos humanos que se dataron no século XIV, o que de novo ofrece unha data de referencia para o final dun prolongado uso da necrópole, ou cando menos dos enterramentos dentro da capela.

Esta datación tardía vai parella ás proporcionadas polas moedas localizadas nos traballos de escavación, entre as que contamos un Cornado de Sancho IV de Castela (1284-1295), un Dinheiro de Fernando I de Portugal (1367-1383), un Real de Vellón de Henrique II de Castela (1369-1379) e un Ceitil de Afonso V de Portugal (1438-1481).

A estratigrafía de todo o xacemento é ben escasa, por non dicir nula. Deixando aparte os sartegos selados, os recheos ao redor do sartego mixto T.XLVIII e a área do forno das campás, no resto redúcese a un só nivel de terra disposto sobre o afloramento rochoso e cubrindo coa mesma o interior dos sartegos. Só na base da capela se identificaron dous niveis, ambos de derrube, no que se concentra a maioría do material exhumado. No alto da capela recuperouse tamén gran cantidade de restos nas fendas da rocha e na terra que cubría a súa superficie.

O material atopado é maioritariamente cerámico, sempre moi fragmentado, xunto coas moedas citadas, algún lítico, tacholas de bronce e ferros correspondentes a cravos, unha fibela de cinto e incluso unha punta de seta de tipoloxía plenomedieval. No interior dos sartegos, tanto os aparecidos abertos coma os selados, o material foi sempre moi escaso e a base de pequenos fragmentos cerámicos. No caso das tumbas seladas estes fragmentos terían chegado alí xunto coas terras empregadas para os enterramentos, e polo tanto procedentes da contorna inmediata.

Entre as cerámicas destacan, tanto no interior dos sartegos coma nos niveis superficiais, non poucos fragmentos de cerámica común de pasta marrón con engobe ou augada exterior, tanto laranxa, coma marrón clara ou avermellada, algúns deles con liñas de pintura branca. Un tipo cerámico con paralelos noutros xacementos medievais da contorna en contextos do século X a XII²⁴. Ademais destes tipos, nos recheos exteriores da T.XLVIII recuperáronse varios fragmentos dunha xerra con decoración de liñas curvas incisas, de cronoloxía igualmente medieval, inda que tal vez algo máis tardía, podendo chegar ata os século XIII ou XIV, e que nos marcaría o momento de construción do propio sartego.

No alto da capela, e nos derrubes ao pé da pena que a albergaba, recolléronse numerosos fragmentos de tégula, que nos leva de novo a tempos altomedievais ou incluso anteriores, inda que a ausencia de cerámica de adscripción clara a tempos previos ao medievo é absoluta.

²⁴ Nomeadamente en varios soares da cidade de Ourense escavados por nós mesmos.



Fig. 26. Cerámica medieval atopada nos recheos exteriores da T.XLVIII
Fuente: E. B. Nieto Muñiz



Fig. 27. Cerámicas engobadas atopadas no interior da T.VI.
Fuente: E. B. Nieto Muñiz

Os datos arqueolóxicos recollidos permiten situar a orixe da necrópole e da capela, coma elementos indisolubles, nos albores do século X. Os estudos documentais e históricos que acompañaron á investigación arqueolóxica non permiten dilatar o uso da necrópole máis alá do século XII, inda que a presenza de material de ata o século XV están a indicar a perduración do culto na capela ata este momento.

Os traballos de prospección desta paisaxe levados a cabo en paralelo ás intervencións arqueolóxicas no xacemento mostraron unha importante concentración de sitios medievais. Mesmo a carón do San Vitor, chegando de San Lourenzo, están Os Padróns, onde conflúen o camiño de Forcas e o que leva á necrópole, e onde a tradición oral fala da presenza de sartegos antropomórficos. A propia aldea de San Lourenzo está documentada coma unha das parroquias primitivas da contorna, conservando algún vestixio construtivo entre as súas casas. Ladeira abaixo, cara o norte, está a granxa do San Adrián, inda con restos arquitectónicos visibles, e cara o leste o San Miguel, onde se di había tumbas «como as do San Vitor». Augas arriba está San Salvador, con documentación doutra antiga capela e abondosos restos cerámicos medievais atopados en escavación arqueolóxica a carón de vellas construcións inda visibles. Na ladeira contraria documentouse A Penalba, nas aforas da aldea de Cristosende (A Teixeira), onde se di estaba «a antiga aldea e un cemiterio», e augas arriba a esta O Castelo, outro xacemento medieval caracterizado por unha alta peneda enfrontada coa do San Vitor. É moi suxestivo pensar nun control combinado do acceso a ribeira entre ambos. Unindo ambas ribeiras augas arriba está tamén a ponte medieval de Conceliñas, que leva ata o antigo priorado de Seoane Vello, primitiva fundación de Montederramo.



Fig. 28. Situación doutros sitios medievais vinculados co San Vitor na contorna do río Mao

Fuente: E. B. Nieto Muñiz a partir de google maps

A posición estratéxica de San Vitor en relación á vía principal de comunicación coa rica zona ribeira non parece ser casual, contando cun dominio visual absoluto dos canóns do río Mao, hoxe ateigados de viñedos²⁵. Coñecido é o costume de empregar coma lugares de enterramento lugares de referencia na comunidade, e este tería sido o caso do San Vitor, que podería ter xogado un papel destacado, xunto co Castelo mesmo enfronte, como atalaia para e control dese territorio en tempos incluso anteriores ao medievo²⁶. Na escolla dese vello enclave como lugar sacralizado non tería sido allea tampouco a espectacularidade paisaxística do lugar.

Os estudos arqueolóxicos foron completados, ao longo dos anos que duraron as intervencións, coa recollida da tradición oral, na que destacamos o vínculo da Casa de Ivil coa necrópole, ademais da ampla análise documental dos fondos dos mosteiros de Santa Cristina de Ribas de Sil — en cuxo couto se atopaba teoricamente incluída a capela e necrópole de San Víctor —, Santo Estevo de Ribas de Sil, San Pedro de Rocas e San Vicenzo de Pombeiro.

²⁵ A importancia desta vía de acceso cara o Sil está testemuñada incluso en tempos prehistóricos, coa aparición da xa célebre espada de Forcas, datada no Bronce Medio, localizada nun penedío a comezos do século XX canda a construción da mesma canle hidráulica que levou ao descubrimento do San Vitor.

²⁶ Cómpre recordar que a ruta do Mao une o val do Sil, de coñecida riqueza aurífera, coa vía XVIII que transcorre polas zonas máis chairas das zonas altas.



Fig. 29.
Vista xeral do xacemento
Fuente: E. B. Nieto Muñiz




Fig. 30. Planimetría xeral do xacemento
Fuente: E. B. Nieto Muñiz

Como complemento aos traballos arqueolóxicos ao redor do San Vitor, relatados neste artigo, faise indispensable a detida lectura do artigo presentado nestas mesmas actas por Víctor Rodríguez Muñiz, relativos e asa análise documental.

BIBLIOGRAFÍA

- ARIAS SANJURJO, Joaquin (1914). *Una excursión a la Ribera Sagrada*. «Boletín de la Comisión Provincial de Monumentos históricos y artísticos de Orense», Tomo V, n.º 98. Orense, pp. 49-52.
- BOLÓS MASCLANS, Jordi; PAGÉS PARETAS, Montserrat (1982). *Les sepultures excavades a la roca*. In RIU, Manuel, dir. *Necropolis i sepultures medievals de Catalunya*. Barcelona: Departament d'Historia Medieval, pp. 59-103.
- CARBALLO CARBALLO, F. (1995). *A Igrexa galega*. In *Historia de Galicia*, Tomo 7. Vigo: A Nosa Terra.
- CASTRO PÉREZ, L. et al. (1996). *Historia de Ourense*. Oleiros: Vía Láctea.
- DURO PEÑA, Emilio (1972). *El monasterio de San Pedro de Rocas y su colección documental*. Ourense: Instituto de Estudios Orensanos Padre Feijoo.
- DURO PEÑA, Emilio (1977). *Monasterio de S. Esteban de Ribas de Sil*. Ourense: Instituto de Estudios Orensanos Padre Feijoo.
- FARIÑA BUSTO, F.; SUÁREZ OTERO J. (1988). *Arqueoloxía medieval en Galicia. Unha aproximación*. «Traballos de Antropología e Etnología». 28: 3-4, 49-77.
- FERREIRA PRIEGUE, Elisa (1988). *Los caminos medievales de Galicia*. Ourense : Museo Arqueológico Provincial de Ourense. Anexo 9.
- FREIRE CAMANIEL, José (1998). *El Monacato Gallego en la Edad Media*. A Coruña: Fundación Barrié de la Maza, I, pp. 220-223.
- GALLEGO DOMÍNGUEZ, Olga (1988). *La organización administrativa territorial de la antigua provincia de Ourense a mediados del siglo XVIII*. Anexo 10, Boletín Avriense. Ourense.
- GARCÍA TATO, Isidro (2004). *Las encomiendas gallegas de la Orden militar de San Juan de Jerusalén. Estudio y edición documental*. Tomo I, Época medieval. Santiago de Compostela: Instituto de Estudios Gallegos 'Padre Sarmiento'– C.S.I.C. – Xunta de Galicia.
- LÓPEZ QUIROGA, Jorge; RODRÍGUEZ LOVELLE, Mónica (1991). *As sepulturas antropomorfas en rocha e a súa problemática histórica – unha proposta para o seu estudo*. «Revista Larouco». 1, 61-77.
- LOPEZ QUIROGA, Jorge (2004). *El final de la antigüedad en la Gallaecia – la transformación de las estructuras de poblamiento entre Miño y Duero (siglos V al X)*. A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza.
- LOPEZ QUIROGA, Jorge (2009). *Arqueología del hábitat rural en la Península Ibérica (siglos V-X)*. Madrid: La Ergástula.
- LOPEZ QUIROGA, Jorge (2010). *Arqueología del mundo funerario en la Península Ibérica (siglos V-X)*. Madrid: La Ergástula.
- MARTÍN VISO, Iñaki (2007). *Tumbas y sociedades locales en el centro de la península en la alta edad media – el caso de la comarca de Riba Côa (Portugal)*. «Arqueología y Territorio Medieval». 14, 21-47.
- NIETO MUÑIZ, Eduardo-Breogán (2010). *Estudo, limpeza e mantemento do despoboado de San Vitor (San Lourenzo de Barxacova, Parada de Sil, Ourense)*. Informe valorativo de intervención arqueolóxica.
- NIETO MUÑIZ, Eduardo-Breogán (2011). *Estudo, limpeza e mantemento do despoboado de San Vitor (San Lourenzo de Barxacova, Parada de Sil, Ourense)*. Informe valorativo de intervención arqueolóxica.
- NIETO MUÑIZ, Eduardo-Breogán (2012). *Limpeza, mantemento, estudo, ampliacion da área escavada e sondaxes en novos sectores na necrópole rupestre de San Vitor e no enclave de San Salvador (San Lourenzo de Barxacova, Parada de Sil, Ourense)*. Informe valorativo de intervención arqueolóxica.

- NIETO MUÑIZ, Eduardo-Breogán (2013a). *Limpeza, mantemento e sondaxe valorativas no contorno da necrópole rupestre de San Vitor (San Lourenzo de Barxacova, Parada de Sil, Ourense)*. Informe valorativo de intervención arqueolóxica.
- NIETO MUÑIZ, Eduardo-Breogán (2013b). *Romanos en San Vitor*. In *Actas de las V Jornadas de Jóvenes en Investigación Arqueológica, Arqueología para el Siglo XXI, Santiago de Compostela (maio 2012)*. Madrid, pp. 126-130.
- NIETO MUÑIZ, Eduardo-Breogán (2014a). *Ampliación de sondaxes da 4ª campaña de escavacións na necrópole rupestre de San Vitor (Parada de Sil, Ourense)*. Informe valorativo de intervención arqueolóxica.
- NIETO MUÑIZ, Eduardo-Breogán (2014b). *Limpeza, consolidación, acondicionamento xeral e escavación para ampliación da área visitable, rexistro completo e toma de mostras na necrópole rupestre de San Vitor (San Lourenzo de Barxacova, Parada de Sil, Ourense)*. Informe valorativo de intervención arqueolóxica.
- NIETO MUÑIZ, Eduardo-Breogán (2014c). *A necrópole rupestre de San Vitor (San Lourenzo de Barxacova, Parada de Sil, Ourense) – algo máis cunha necrópole rupestre*. In LÓPEZ QUIROGA, Jorge; MARTÍNEZ TEJERA, A.M., ed. *In concavis petrarunt habitaverunt. El fenómeno rupestre en el Mediterráneo medieval – De la investigación a la puesta en valor*. Oxford: British Archeology Resorts (BAR, International Series 2591), pp. 84-116.
- NIETO MUÑIZ, Eduardo-Breogán (2014d). *Achádegos cerámicos na necrópole rupestre de San Vitor de Barxacova (Parada de Sil, Ourense)*. In DE MAN, A.; TENTE, C. ed. *Estudos de Cerâmica Medieval, o Norte e Centro de Portugal (ss. IX-XII)*. Lisboa: IEM, pp. 235-240.
- NIETO MUÑIZ, Eduardo-Breogán (2016). *Control e seguimento arqueolóxico da actuación de protección e mellora na necrópole rupestre de San Vitor de Barxacova (Parada de Sil, Ourense)*. Informe valorativo de intervención arqueolóxica.
- NIETO MUÑIZ, Eduardo-Breogán; BUCETA BRUNETI, G. (2015). *Consolidación, mantemento e control biolóxico na necrópole de San Vitor de Barxacova (Parada de Sil, Ourense)*. Informe valorativo de intervención arqueolóxica.
- NIETO MUÑIZ, Eduardo-Breogán; BUCETA BRUNETI, G. (2016). *Proposta de consolidación, mantemento e control biolóxico na necrópole de San Vitor de Barxacova (Parada de Sil, Ourense)*. Informe valorativo de intervención arqueolóxica.
- RIVAS FERNÁNDEZ, Xosé Carlos (1981). *Vestigios perrománicos de algunos olvidados monasterios y eremitorios orensanos*. «Boletín Avriense». 11, 49-199.
- RIVAS FERNÁNDEZ, Xosé Carlos (2003). *Antigüedad del episcopado auriense*. Ourense: Duen de Bux.
- RODRÍGUEZ MUÑIZ, Víctor (2010). *O mosteiro de Santa Cristina de Ribas de Sil na Idade Media*. «Boletín Avriense». Anexo 32.
- RODRÍGUEZ RESINO, A. (2005). *Do Imperio Romano á Alta Idade Media, arqueoloxía da tardoantigüidade en Galicia (séculos V-VIII)*. Noia: Toxosoutos.